As mariscadoras e mariscadores participantes no convenio realizarán igualmente estas xornadas e completarán as horas restantes ata acadar un total de 12 xornadas mensuais de 4 horas, co fin de poder recibir a compensación prevista no convenio de colaboración. Isto farase mediante xornadas ou horarios adicionais destinadas principalmente ao reforzo das tarefas de vixilancia.

A actividade que servirá de referencia para a renovación do permex do total de mariscadores e mariscadoras, pertencentes ou non ao convenio de colaboración, será o número de xornadas que levarán a cabo as mariscadoras incluídas no plan de restauración, número variable en función das secas mensuais.

2.1 PROGRAMACIÓN DE TRABALLOS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO OU MELLORA DAS CONDICIÓN DO HÁBITAT E/OU MELLORA DA PRODUCCIÓN:

2.1.1 ACONDICIONAMENTO E/OU ENMENDA DO SUBSTRATO

Todo o ámbito do plan.

Todos os bancos do plan someteranse ao acondicionamento do substrato nalgún momento do plan de recuperación, nalgúns de forma manual (accións puntuais en bancos segundo necesidade) e noutros empregando sistemas mais mecanizados que posúe a confraría: tractor con grade de ganchos, motor motocultor ou motobomba con chorros de auga a presión, todo depende das condicións do banco ou das zona do mesmo. Normalmente estas actuacións mecanizadas lévanse a cabo en determinadas zonas dos bancos previas as sementeiras e traslados, e noutros nos períodos previos a fixación.



Dado que o plan de xestión leva pechado dende outubro de 2025 é previsible que estas labores deban intensificarse no período do plan de recuperación porque non hai extracción e algunhas zonas do banco poden sufrir apelmazamento.

A mais deste acondicionamento do substrato a realizar polo propio sector, preténdese recuperar zonas dos bancos marisqueiros improdutivas dende fai pouco pero que a súa restauración require un esforzo moito maior, non asumible polo sector, polo que procederase a contratación dunha empresa externa para realizar esa labor.

Descubrimos as accións por separado, co seu calendario e o seu orzamento

2.1.1.a) ACONDICIONAMENTO E/OU EMENDA DO SUBSTRATO A REALIZAR POLO PROPIO SECTOR E/OU CON MATERIAL DA CONFRARÍA:

Banco e superficie para a execución da tarefa: Todo o ámbito do plan.

Dado que este plan de xestión conta con múltiples bancos marisqueiros e que leva pechado dende outubro de 2025, prevese que nalgún momento terase que actuar sobre algún banco ou algunha zona pero non é algo que poidamos predicir. Cas solicitudes bimensuais de actuacións poderemos concretar os bancos ou subzonas de bancos a actuar, a metodoloxía segundo fondo e zona intermareal, descrición da metodoloxía do substrato e motivo da actuación (previa sementeira ou traslado, actuacións para favorecer a fixación, acumulación de fangos...).

Metodoloxía para o acondicionamento e materias empregados:

- Manual, cas mesmas artes cas empregadas para a extracción:
- Arados empregando un tractor cunha grade de ganchos
- Motobomba con chorros de auga a presión: empregase naquelas zonas dos bancos que nunca quedan totalmente en emerxión ou precisan secas de 0.10.
- CRIBA DE AREA

Cronograma/ Calendario:

Calendario para o acondicionamento manual, cas mesmas artes cas empregadas para a extracción

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo
x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x

Calendario para o acondicionamento mecanizado:

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo
x	x					/x	x	x	x	x	x

Orzamento:

Concepto	Nº xornadas	Importe/xornada	Importe total sen iva	IVE	Total con iva
Contratación dun tractorista	14	360	5.040€	1.058,40	6.098,40
Aluguer de peneira para cribar area e transporte	4	90	360	75,60	435,60
Servicio tractor con	10	510	5.100	1.071	6.171



remolque e ganchos					
Portes criba	2	150	300	63	363

Inicialmente alugarase a criba de area, ata que o proveedor nos fabrique unha criba de area que poidamos comprar. O orzamento da compra é o seguinte:

Concepto	Base Iva	IVA	Total
Compra de criba de area	2.995	628,95	3.623,95

2.1.1.b) ACONDICIONAMENTO E/OU EMENDA DO SUBSTRATO A REALIZAR POR UNHA EMPRESA EXTERNA.

Banco e superficie para a execución da tarefa: Correlo (zona sur; 184.107 m²), A Pedra-Teixeira (82.779 m²) e Rego do Sol (82.991 m²) , marcando como prioritaria a rexeneración da zona sur do banco de Correlo (Correlo Sur) por tratarse este dun banco principal de traballo. No apartado de anexos inclúese o cartografiado das zonas onde se van a realizar as accións de rexeneración mediante acondicionamento e/ou emenda do substrato.

Descrición da tipoloxía de substrato: Fango.

Metodoloxía: A actuación consiste na remoción superficial controlada do substrato mariño mediante unha técnica de arrastre lixeiro, sen achega de materiais externos. O proceso baséase nun sistema de traballo que combina acción mecánica e control hidráulico, permitindo regular a intensidade da actuación en función das condicións do medio. A súa utilización oríntase ao mantemento, limpeza e mellora das condicións físicas do banco, garantindo unha intervención controlada, selectiva e compatible coa conservación do ecosistema bentónico. No apartado de anexos inclúense imaxes da embarcación portadora deste sistema.

Materiais empregados: Embarcación dotada dun sistema combinado que consiste no uso dun arado mariño de arrastre lixeiro asistido por un sistema hidráulico de presión regulable (Empresa Fondo vivo Galicia SL)

Cronograma/ Calendario:

Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec
	x	x	x	x	x	x	x	x

As accións terán lugar sobre bancos marisqueiros improdutivos, co cal, pese a que parte dos meses propostos están dentro dun período de desove e asentamento de xuvenís, isto non suporá efectos negativos sobre o bancos, senón que favorecerá a súa recuperación e mellora. Establecemos este calendario por dúas cuestións principalmente, pola dispoñibilidade dunha embarcación adecuada para efectuar as actuacións, e pola necesidade de actuar o antes posibles para non dificultar en maior medida a súa recuperación.

Orzamento:



Concepto	Base Iva	IVA	Total
Servicio de limpeza y acondicionamiento de sustrato desde embarcación mediante arado volteador y chorros de agua.	120.000	25.200	145.200
Observacións:			

2.1.2 CONTROL DE DEPREDADORES/COMPETIDORES																																																
Banco e superficie para a execución da tarefa: todo o ámbito do plan.																																																
Especie/es a retirar: <i>Carcinus maenas</i> e <i>Ocenebra erinacea</i>																																																
Metodoloxía: Retirada manual. Nas distintas accións que se realicen nos bancos (limpezas, rareos e traslados..) procederase a retirar aqueles exemplares de <i>Carcinus maenas</i> e <i>Ocenebra erinacea</i> presentes na zona. Amais, farase un control exhaustivo (un grupo de mariscadores percorrerá o banco en busca activa) nos bancos máis afectados pola <i>Ocenebra</i> : Illote do Beiró (AR-100), Casa da Toxa (AR-104), Corrello (AR-103-IA), Rego do Sol (AR-101), O Ganchiño (0-97), A Pedra-Teixeira (AR-102), Hotel (AR-109), Insuiña (AR-098), Praia da Lavaxeira (AR-091), Enseada de Moreiras (AR-109), Lordelo-Cubreiro (AR-105), Rons (AR-094) e Vía Sur (AR-106). Emprego de nasas nas zonas recen sementadas: Tras as sementeiras de xuvenís, ou tras traslados, prevese empregar nasas cebadas arredor da zona de sementeira. O emprego de nasas para retirada de depredadores respectará o horario establecido no Decreto 15/2011; serán balizadas mediante boias que indicarán de forma visible a entidade á que pertencen e o tipo de acción que están a realizar (control de depredadores). As capturas incidentais de especies distintas aos depredadores serán devoltas ao mar inmediatamente despois de ser capturados. Os depredadores recollidos serán trasladados a lonxa, onde se pesarán e depositaranse nos contedores habilitados ata a súa posterior recollida por un xestor autorizado. As operacións de revisado das nasas serán supervisadas en todo momento pola asistencia técnica da confraría e o servizo de vixianza. O número de nasas empregadas variará entre 15 e 25, segundo a superficie da zona a controlar. Solicitarse autorización previa a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, indicando na solicitude o número de nasas a empregar, a zona de control e o período en uso e as persoas responsables.																																																
Materiais empregados: nasas de nécora e camarón, caldeiros, capachos..																																																
Cronograma/ Calendario: <table><tr><th colspan="9">2026</th><th colspan="3">2027</th></tr><tr><th>M1</th><th>M2</th><th>M3</th><th>M4</th><th>M5</th><th>M6</th><th>M7</th><th>M8</th><th>M9</th><th>M10</th><th>M11</th><th>M12</th></tr><tr><td>Abril</td><td>Mai</td><td>Xuñ</td><td>Xul</td><td>Ago</td><td>Set</td><td>Out</td><td>Nov</td><td>Dec</td><td>Xan</td><td>Febr</td><td>Marzo</td></tr><tr><td>9</td><td>9</td><td>x</td><td>x</td><td>x</td><td>x</td><td>x</td><td>x</td><td>x</td><td>x</td><td>x</td><td>x</td></tr></table>	2026									2027			M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12	Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo	9	9	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
2026									2027																																							
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12																																					
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo																																					
9	9	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x																																					
Orzamento:																																																



Orzamento:

Xestor de retirada: De Moncho Integral service SL

Concepto	Base IVA	Nº/meses	Total	IVA	Total con IVA
Recogida subproductos	60	12	720	72	792
Nasas	28	50	1.400	294	1.694

Observacións:

2.1.3 CONTROL DE EXÓTICAS

ANTECEDENTES:

A introdución accidental na enseada do Grove dos murícidos alóctonos *Bolinus brandaris* e *Hexaplex trunculus* constitúe un problema, non so polo seu papel de depredadores de bivalvos si non pola afección na biodiversidade. A confraría leva anos (dende 2015) con actuacións específicas e accións incluídas nos plans de xestión para eliminalas pero so parece posíbel unha certa redución da poboación.

Accións específicas:

Aproveitando o comportamento destas especies na época de reprodución (acumulación de postas en ootecas de volume relativamente grande e a aglomeración de adultos ao redor das mesmas durante a época de posta) contratábase a unha empresa de mergullo para que nestas datas recollera todas as postas posibles e individuos. Estas accións levan realizándose dende o 2015. No 2025 realizáronse as mesmas actuacións pero a través dun convenio con SEAGA e foron os mergulladores da confraría os que realizaron a retirada. Parella a retirada ía a recolección da datos técnicos para estudar a evolución destas poboacións.

Accións a realizar polo sector do plan de marisqueo a pé:

- Xornadas específicas mensuais de retirada manual destes exemplares.
- Retirada dos individuos que atopen en calquera das accións sobre os bancos marisqueiros (rareos, limpeza...)

Estas especies están a demostrar unha capacidade de invasión moi grande e a pesar das medidas adoptadas seguen a ser un problema para os bancos marisqueiros.

Nesta plan de restauración establécese seguir estas medidas pero reforzadas. Aproveitando que o sector non está a realizar extracción, dedicarán as xornadas de baixamar do mes para retirar estas especies e intensificarase as accións específicas a realizar polos mergulladores, incrementando datas de actuación para non so aproveitar o período de posta se non poder facer barridos por praias en busca activa de individuos. A bibliografía indica que unha vez asentadas (alóctonas con capacidade invasiva) non é posible a súa erradicación pero cas acción contempladas para este período do plan, igual conséguese un control "extra" sobre as mesmas.

2.1.3.a) CONTROL DE EXÓTICAS POLO PROPIO SECTOR DE MARISQUEO A PÉ:

Especie/es a retirar: *Bolinus brandaris*, *Hexaplex trunculus*, *Crepidatella dilatata*, *Tritia neritea*.

Banco e superficie para a execución da tarefa: En todo o ámbito do plan.

Metodoloxía:

A retirada de *Bolinus brandaris* e *Hexaplex trunculus* considérase imprescindible, así que para todos os días de accións nas praias (limpezas, rareos...) o sector retirará manualmente todos os individuos



presentes na zona de actuación. Para determinados bancos (densidades altas dos mesmos) faranse xornadas específicas nas que un grupo de mariscadores percorrerá o banco en busca activa. Estes bancos son: Illote do Beiró (AR-100), A Pedra-Teixeira (AR-102), Hotel (AR-109), Vía Sur (AR-106), Insuíña (AR-098), Sinás e Vía Norte (AR-096). A mais, tras as sementeiras de xuvenís, prevese empregar nasas cebadas arredor da zona de sementeira para a retirada destas especies así como de *Tritia neritea*.

No caso de *Crepidatella dilatata*, con grandes poboacións en Vía Sur, faranse xornadas específicas nas que un grupo de mariscadores, con rasquetas e cubos, procederá a retirar os exemplares manualmente das pedras onde se atopa.

Os depredadores recollidos serán trasladados a través de caixas de transporte e remolques aos contenedores habilitados e contratados na zona mais axeitada, e logo serán trasladados a centro autorizado de xestión de residuos (Empresa Toca Salgado SL).

Para elo, tamén se solicitará permiso ao servizo de litoral da Xunta de Galicia, para a colocación de ditos contenedores.

Materiais empregados: caldeiros, capachos, contedores, Nasas.....

Cronograma/ Calendario:

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo
9	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x

Orzamento: Xestor de retirada: Toca Salgado SL

Concepto	Base Iva	Nº unidades	Total	IVA	Total
servizo de 12 contenedores e tratamento de residuos	1.590	12	19.080	1.908	20.988
Caixa de transporte para tractor	1.033,06	1	1.033,06	216,94	1.250

Observacións:

2.1.3. CONTROL DE EXÓTICAS A REALIZAR POLOS MERGULLADORES DA CONFRARÍA.

Campaña de redución de stock dos murícidos *Bolinus brandaris* (canailla ou cornecho espinoso) e *Hexaplex trunculus* (busano ou cornecho truncado) na enseada do Grove por medio da extracción de ootecas e adultos durante o período de posta e, de recollida de datos de distribución, abundancia, densidades, e outros parámetros que axuden nun maior coñecemento e seguimento destas especies.

Especie/es a retirar: *Bolinus brandaris*, *Hexaplex trunculus*.

Metodoloxía: Control e eliminación das dúas especies de murícidos e as súas postas mediante técnicas de mergullo con aire dende superficie. Os 14 barcos (cada barco con dous mergulladores) pertencentes o plan de xestión trianual de solénidos a mergullo da confraría do Grove, organizados en equipos, retirarán



- Trazarase un plan de traballo baseado no sistema de división por cuadrículas da zona de actuación (cuadrículas de 500 m de lado) que xa se empregara nas retiradas anteriores (2015-2025) e de cubrir unha planilla de datos diarios. Ambas, división en cuadrículas e estadillo deseñada por José Manuel Parada Encisa expresamente para este plan de traballo e a obtención da datos que permita o seguimento oportuno do comportamento das especies.

[illegible]

- Unha vez pesadas as capturas depositaranse nuns colectores habilitados para esta fin para a súa posterior recollida pola empresa “DE MONCHO INTEGRAL SERVICE, SL” encargada da súa eliminación.

- Material de mergullo: sacos, capachos, guantes....

Embarcación	Mergulladores
A TOXA 2 (VI-1-1-02)	JOSE MANUEL DOMINGUEZ AGULLA
	FRANCISCO JAVIER PEREZ CACABELOS
	CRISTEL FRANCISCA PÉREZ CACABELOS
ARBOL TRES (VILL-4-2-97)	VICTOR MEIS ÁLVAREZ
	MIGUEL MEIS ÁLVAREZ
ARIMAR 1 (VILL-4-1-08)	CARLOS PRIETO GARCÍA
	DAMIÁN LIMA PIÑEIRO
BAILARINA (VILL-3-4979)	ABRAHAM PADÍN GUILLÁN
	DAVID LÓPEZ ROSALES
FLOR DEL MAR (VILL-4-1031)	VICTOR PADÍN GUILLÁN
	MAURICIO EDUARDO LÓPEZ
GUIOMAR	JUAN CARLOS LOIS MAGDALENA



(VILL-5-9-91)	ALEXANDRE JAVIER PROL DEVESA
	DAVID PEREZ FERNANDEZ
GUIOMAR TRES (VILL-4-1-20)	JOSE GARCÍA VILAS
	SALVADOR PEREZ FERNANDEZ
NOE TRECE (VILL-4-1-22)	LEOPOLDO LEIRO GONZALEZ
	SANTOS SANTIAGO OTERO DOZO
PIRAÑA (VI-6-3222)	RAFAEL PIÑEIRO SOUTULLO
	ALFONSO FRAGA FRANCO
RUA CARRIL (VILL-3-9931)	JACOBO BLANCO PIÑEIRO
	JAVIER BLANCO PIÑEIRO
	XAQUÍN ROSAL PINTOS
SANDRA (VILL-4-1793)	BENITO JOSÉ BARREIRO MARTINEZ
	HUGO DEVESA SANCHEZ
TRES HERMANOS (VI-4-5002)	JUAN JOSÉ MUÑIZ ÁLVAREZ
	JAIRO RODRIGUEZ GARCÍA
VASCA (VILL-4-2-06)	BRUNO MEIS TORRES
	JOSE ANTONIO MEIS ÁLVAREZ
VICTORIA UXÍA UN (VILL-4-2-05)	ALFONSO PADÍN SOLLA
	ALFONSO PADÍN MIGUEZ
	JOSELYN GABRIELA FLORES ROMERO

Cronograma/ Calendario:

	Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Días-Xornadas		20	21	22					
Barcos		14	14	14					

Orzamento:

Concepto	Base Iva mes	Nº meses	Total	IVA	Total con IVA
Recogida subproductos	4.000	3	12.000	2.520	14.520
Servizo de retirada de especies exóticas por mes dos 14 barcos	117.600	3	352.800	9 barcos co 10,5%: 2.646x9= 23.814€ 5 barcos co 21%: 5.292x5=26.460€	403.074
Compra de sacos	0,4	5.000unid	2.000	420	2.420€


Observacións:

Consideramos imprescindible a labor de retirada destas especies da enseada de O Grove polos mergulladores porque eles poden acceder as postas e individuos asociados as mesmas, e tras este período de postas pode facer barridos polas zonas dos bancos de marisqueo a pé.



Na seguinte táboa e gráfico asociado vemos a evolución da extracción destas especies nas campañas específicas 2015-2025:

	2015	2016	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
POSTAS (Kg)	294.4	2105.8	1286	1577	851.6	959.3	1195.6	1334.1	2044	2890.2
CANAILLA (Kg)	294.5	800.7	731.5	1012	586.65	479.1	884.86	936.75	966.9	1891.5
BUSANO (Kg)	2027	2106.8	1661.5	1867	1193.1	3204	1923.2	3157.7	2699	3068.6
TOTAIS (Kg)	2616	5013.3	3679	4456	2631.3	4643	4003.7	5428.5	5703	7850.3



Como indican os datos, a máxima retirada realizouse no 2025. Ese ano foron os mergulladores da confraría (plan de solénidos a mergullo) os que realizaron a retirada (Convenio con SEAGA).

Os mergulladores recollidos neste apartado, son os existentes actuais, pero poden cambiar durante o transcurso das accións de recolección.

2.1.4 RETIRADA DE RESTOS ORGÁNICOS E INORGÁNICOS

Banco e superficie para a execución da tarefa: Todo o ámbito do plan

Metodoloxía:

A retirada dos restos orgánicos (conchas de bivalvos e arribazóns de algas) e inorgánicos (lixo mariño) acumulados nos areais levarana a cabo os mariscadores manualmente co axuda dun tractor con remolque. O tractor emprégase para o transporte dos restos ata un punto de depósito temporal situado fóra das influencias das mareas, onde posteriormente serán depositados en contenedores e levados a planta de tratamento de residuos por parte da empresa Toca Salgado SL.

Cando a situación o permite, o sector tamén emprega unha barredora de algas acoplada ao tractor para facilitar a retirada mecánica das arribazóns acumuladas. Este sistema utilízase únicamente en zonas onde a cantidade de algas non sexa excesiva, co fin de evitar alteracións no substrato e posibles danos sobre o recurso marisqueiro presente no banco. Os bancos onde é habitual o uso da barredora son o banco de Correlo (AR-103-1A), a praia da Lavaxeira (AR-091), Porto Meloxo (AR-092), San Bastián (AR-107), Illeiriña (AR-061), Saíñas (AR-099-1 e II), Insuíña (AR-098) e na zona de San Marcos en Vía Sur ou vía de arriba (AR-106).

Para os restos inorgánicos (lixo mariño) solicitarase autorización previa a Xefatura territorial da Consellería do Mar en Vigo, indicando na solicitude o banco sobre o que se vai a actuar e os días de traballo. No caso do material orgánico(arribazón de algas) notificarase a realización da mesma como mínimo 24 horas antes actuación, o servizo de recursos mariños da Xefatura Territorial en Vigo da Consellería do Mar, a sala de Guardapescas e a bióloga de zona sur da ría de Arousa. Ademais, tamén se solicitará permiso ao servizo do litoral da Xunta de Galicia, para poder colocar os contenedores.



Materiais empregados:

- Retirada manual: rastrelos, caixas, capachos, luvas, sacos, vadeadores e tractor con remolque.
- Barredora

Cronograma/ Calendario:

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo
9	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x

Moi difícil establecer un calendario mensual para estas labores, sobre todo as relacionadas ca retirada de algas. Para cada mes especificaranse uns días de actuacións nas praias (as mellores secas) e como se organizan distintos grupos, algún sempre procederá as limpezaas oportunas ou ben todos, de ser preciso. Pero, de chegar arribazóns de algas preocupantes fora deses días solicitados, procederase a retirada das mesmas (comunicación previa) sempre que sexa preciso, incluíndo os fines de semana.

Orzamento:

Concepto	Base Iva	Nº unidades	Total	IVA	Total
Servizo de 36 contenedores e tratamento de residuos	1.590	36	57.240	5.724	62.964
Rastrillos	12,70	50	635	133,35	768,35
Horquillas con mango	21,45	50	1.072,50	225,23	1.297,73
Guantes	10,50	270	2.835	595,35	3.430,35

Observacións:
2.1.5 RAREOS E TRASLADOS

Especie a rarear/trasladar: Todas as incluídas no plan.

Bancos de orixe e destino:

Dado o elevado número de bancos do plan (moi distintos entre eles) e para establecer un sistema igualitario de capturas para todo o sector, ata agora planificouse a extracción do seguinte xeito: bancos principais de grandes extensións subdivididos en zonas a efectos de rotación na extracción, e bancos que se empregan para repoboar os principais ou ser complementarios dos principais noutros momentos. Cando un estrato dun banco principal de traballo pecha a extracción realízanse rareos nos bancos de repoboación e trasládase a ese estrato.

Bancos empregados para repoboar outros bancos:

A Casa da Toxa (AR-104): 57.990,00 m2

Porto Meloxo (AR-092): 13.121,20 m2

Fianteira (AR-103): área: 98.405,00 m2,

Arnosa (AR-114): área: 110.499,00 m2

Illote de Marma - Banda da canlle- (AR-117-I/ AR-117-II) (área: 118.355)

Illote Tourís (AR-116-I/ AR-116-II) (área: 90.408,4 m2)



Insuíña (AR-098)

O Ganchiño (AR-097)

Saíñas (AR-099-I/ AR-099-II)

Garabilla (aínda non presenta AR asignado)

Louxiñas (Indemosa) (aínda non presenta AR asignado)

Piñeirón

.....

Bancos principais de destino:

Correlo (AR-103-IA) (área: 40.815,40 m2)

Vía Sur (AR-106) (área: 613.631,00 m2)

Vía Norte (AR-096) (área: 282.063,00 m2)

Os traslados de especies tamén se realizan nalgúns bancos dende a zona mais alta do intermareal a zonas mais baixas para evitar o efecto do “furtivismo do bañador”. Como por exemplo a praia de Confín ou Peralto (aínda sen AR asignado), o banco de Illeiriña (AR-061), a Enseada de Moreiras (AR-090) e a Praia de Lavaxeira (AR-091).

E logo realízanse traslados dende os parques e cultivo intermareais, onde se realizan as sementeiras, aos bancos principais (apartado 2.1.6.)

Metodoloxía:

As mariscadoras e mariscadores organízanse por quendas de traballo para realizar rareos en distintas zonas e traslados aos bancos de destino.

Empregan as mesmas artes que as empregadas para á extracción. Segundo o banco e a zona de destino e a época do ano planifícase a extracción: só individuos non comerciais (por exemplo dos bancos catalogados como zona C nestes momentos), so individuos dalgunha especie, individuos adultos... e solicitarase o planificado ca explicación correspondente ao Servizo de desenvolvemento pesqueiro de Vigo.

A dinámica de traballo consiste na clasificación do marisco, unha vez extraído do banco de orixe, e a estimación da súa cantidade en quilogramos en función do número de redes enchidas co marisco recollido.

Posteriormente, estes sacos de marisco son transportados nos vehículos de vixilancia ata o banco de destino, onde as mariscadoras e os mariscadores realizan a correspondente resembrá.

Isto é debido a que esta confraría presenta un ámbito territorial de gran extensión, co cal é habitual que os bancos implicados nos traslados se atopen moi afastados entre si.

Moitas veces usan uns calibres para separar as ameixas por tamaños (este calibre tamén o usan nas xornadas de extracción para a venda).

O máis frecuente é que nas xornadas de traslados realícense actuacións independentes entre os bancos da zona do Grove e os da zona de Castrelo. Máis no caso dos traslados con orixe en zona C, todo o sector desprázase a un mesmo banco de extracción e empréganse redes de distinta cor para identificar o marisco destinado á zona do Grove ou á de Castrelo.

Materiais empregados:

- artes de marisqueo incluídas no plan de xestión: angazo, coitelo, gancha a pé, legón, rastrelos, forquilla, sacho, raño a pé;
- Caldeiros, capachos, vadeadores, luvas, redes, calibres, botas.....



Cronograma/Calendario:

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Orzamento:

Concepto	Base Iva	Nº unidades	Total	IVA	Total
Caldeiros	2,58	50	129	27,09	156,09
Calibres	2,49	260	647,40	135,95	783,35

Observacións:

Como as mariscadoras e mariscadores organízanse en distintos grupos de traballo, nun mesmo día lévanse a cabo diferentes traslados de maneira simultánea, normalmente unha destinada cara os bancos do Grove e outra cara os bancos de Castrelo, xa que o colectivo de marisqueo a pé desta confraría divídese nesas dúas zonas de traballo.

2.1.6 TAREFAS EN SISTEMAS DE PREENGORDE EN ZONAS ACOTADAS

Banco e superficie para a execución da tarefa:

Zonas acoutadas no intermareal a modo de parques de cultivo en Vía Sur, Vía Norte, Moreiras, Terra do Porto e Correlo. Antigas concesións (privadas) que empregan o sector de a pé dende fai tempo.

Metodoloxía:

Emprégase estes parques de cultivo para realizar as sementeiras de xuvenís das especies recurso. Segundo a cantidade a sementar prepárase o substrato nos parques necesarios e tras a sementeira recúbrese a zona con rede para evitar a acción dos depredadores. Realízanse limpeza constantes e a medida que o recurso vai crescendo fanse desdobres e trasládase o recurso aos principais bancos.

Materiais empregados:

- artes de marisqueo incluídas no plan de xestión: angazo, coitelo, gancha a pé, legón, rastrelos, forquilla, sacho, raño a pé;
- Caldeiros, capachos, vadeadores, luvas.....

Cronograma/ Calendario:

2026									2027			
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12	
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Calendario pensando dispoñibilidade de semente
X	X	X	X	X	X	X/				X	X	Calendario desexable




Orzamento:

Observacións:

2.1.7 SEMENTEIRAS

Neste plan de xestión realízanse moitísimas sementeiras todos os anos para reforzar os bancos marisqueiros. Empréganse os proxectos de rexeneración que convoca a Consellería do Mar anualmente pero a mais o sector realiza sementeiras con fondos propios.

Gráfico de sementeiras realizadas no período 2021-2025:



Dada a situación dos bancos (que levou ao seu peche en outubro de 2025) será necesario incrementar as sementeiras a realizar pero isto vai depender da dispoñibilidade de xuvenís xa que a demanda é moi alta.

SEMENTEIRAS PREVISTAS:

Especie a sementar: Ameixa.

Banco e superficie : Correlo (AR-103-1A) e Vía Sur (AR-106) zona de San Marcos. No apartado de anexos inclúese o cartografiado das zonas destinadas a sementeira.

Tamaño/s da semente: 15-18 mm

Cantidade de semente: 833.000 individuos. En Correlo 316.540 individuos, en Vía Sur-San Marcos 516.460 individuos.

Densidade de sementeira: En Correlo unha densidade de 84.86 indiv/m² en Vía Sur-San Marcos unha densidade de 140.60 indiv/ m²

Metodoloxía: A sementeira a realizaran os mariscadores e mariscadoras manualmente aproveitando as horas de baixa mar, cando o terreo quede en seco. Previo a sementeira, se fose necesario, prepararase o substrato ca retirada de arribazóns de algas o lixo mariño presente na zona e descompactarase o sustrato mediante arados, facilitando así o enterramento dos exemplares a sementar.

Solicitarase autorización previa a Xefatura territorial da Consellería do Mar en Vigo indicando na solicitude a cantidade, zona a sementar, superficie, talla media dos exemplares. Contando tamén co permiso de inmersión.

Materiais empregados: Cubos, capachos, luvas

Cronograma/Calendario:

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marz



											o
	X	X	X	X							

Segundo se reciba aprobación do proxecto.

Orzamento:

Observacións: A data concreta da sementeira ven determinada pola dispoñibilidade da semente.

a) SEMENTEIRAS PLANIFICADAS POLO SECTOR

Especie a sementar: Ameixa

Banco e superficie:

A Confraría inverte na compra de semente de criadeiro para preengordar en parques de cultivo no intermareal a altas densidades ata o seu traslado para o reforzo das poboacións naturais de bivalvos, evitando unha posible sobreexplotación e favorecendo o incremento dos ingresos do sector marisqueiro. Ata o momento, destinouse unha cantidade de 48.000 € para os parques de cultivo situados no banco de Correlo (AR-103-1A), Vía Sur (AR-106) e Vía norte (AR-096).

Tamaño/s da semente: 15-17 mm

Cantidade de semente: A confraría conta con adquirir aproximadamente 2.700.000 individuos

Densidade de sementeira: depende dos parques de cultivo intermareais dispoñibles e as súas medidas. A concretar nas solicitudes.

Metodoloxía: A sementeira a realizarán os mariscadores e mariscadoras manualmente aproveitando as horas de baixa mar, cando o terreo quede en seco. Previo a sementeira, se fose necesario, prepararase o substrato ca retirada de arribazóns de algas o lixo mariño presente na zona e descompactarase o substrato mediante arados, facilitando así o enterramento dos exemplares a sementar. Solicitarase autorización previa a Xefatura territorial da Consellería do Mar en Vigo indicando na solicitude a cantidade, zona a sementar, superficie, talla media dos exemplares. Contando tamén co permiso de inmersión.

Materiais empregados: Cubos, capachos, luvas

Cronograma/Calendario:

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo
X	X	X	X	X	X	X					

A data concreta da sementeira ven determinada pola dispoñibilidade da semente

Orzamento:

Observacións: A data concreta da sementeira ven determinada pola dispoñibilidade da semente.

b) SEMENTEIRA DE A. BABOSA

Especie a sementar: *Venerupis corrugata*.

Banco e superficie (aportar plano en anexo): Parques de cultivo situados no intermareal de Vía Norte (AR-096) e Vía Sur (AR-106). No apartado de anexos inclúese o cartografiado da zona destinada a sementeira.

Tamaño/s da semente: depende da dispoñibilidade de semilla. Xa que vaise sembrar en parques de cultivo as tallas poden ser menores que as ameixas que se sementen directamente nun banco.

Cantidade de semente: 2.000.000 individuos

Densidade de sementeira: 250-350 ind /m² segundo tamaño

Metodoloxía: A sementeira a realizarán os mariscadores e mariscadoras manualmente aproveitando as



horas de baixa mar, cando o terreo quede en seco. Previo a sementeira, se fose necesario, preparárase o substrato ca retirada de arribazóns de algas o lixo mariño presente na zona e descompactárase o substrato mediante arados, facilitando así o enterramento dos exemplares a sementar.

Solicitarase autorización previa a Xefatura territorial da Consellería do Mar en Vigo indicando na solicitude a cantidade, zona a sementar, superficie, talla media dos exemplares. Contando tamén co permiso de inmersión.

Materiais empregados: Cubos, capachos, luvas

Cronograma/Calendario:

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marzo
	x	x	x	x	x	x					

Orzamento:

Concepto	Base Iva	Nº unidades	Total	IVA	Total
Semente de ameixa babosa	0,019	2.000.000	38.000	3.800	41.800€

Observacións: A data concreta da sementeira ven determinada pola dispoñibilidade da semente.

2.1.8 CREACIÓN DE ZONAS DE PROTECCIÓN PARA A MELLORA NO RECRUTAMENTO

Aínda que se presenta un plan de recuperación por un ano (dende o 1 de abril de 2026) o plan de xestión leva pechado dende o 1 de outubro de 2025. Dende entón, o sector realizou distintas actividades de semicultivo nas principais mareas do mes. Realizáronse múltiples traslados a zonas acoutadas dos principais bancos marisqueiros (Correlo, Vía Sur e Vía Norte) e estas zonas actúan como zonas para a mellora do recrutamento. Xa que o plan vai estar pechado (segundo resolución) ata final do seu período (31/12/2026) e todos os bancos van estar pechados non consideramos preciso nestes intres establecer estas áreas. Unha vez se inicie a extracción, na planificación da xestión da mesma terase en conta este extremo.

2.1.9 PARTICIPACIÓN EN ACCIÓNS DE FORMACIÓN

Descrición:

Duración:

Persoal docente:

Participantes:

Materiais empregados:

Orzamento:

Observacións:

2.1.10 OUTROS (especificar)

Descrición segundo proceda con indicación do banco, superficie, especies utilizadas ou afectadas, seguimento e mantemento da tarefa, materiais precisos, orzamento....

2.2 ACCIÓNS DE CONTROL, SEGUIMENTO, PROTECCIÓN E VIXILANCIA DOS BANCOS



MARISQUEIROS

2.2.1 VIXILANCIAS

Banco e superficie para a execución da tarefa:

Todo o ámbito do plan. A vixilancia dos bancos marisqueiros é realizada durante todo o ano polo servizo de vixianza da confraría e refórzase dende primavera co sector de marisqueo a pé para evitar o posible furtivismo por parte dos usuarios das praias.

Tendo en conta o ámbito de traballo deste plan de xestión e que o sector non está realizando actividade extractiva necesítase incrementar a vixianza, ampliando meses e días.

Metodoloxía:

O traballo de vixilancia das mariscadoras e mariscadores durante o período estival organízase mediante grupos con carácter rotatorio, podendo tocarlle a cada grupo entre dúas ou tres vixilancias informativas por mes. As persoas do grupo distribúense por parellas ao longo dos bancos a vixiar. As vixilancias poden comezar desde tres ata dúas horas antes da baixamar e rematan desde tres ata dúas horas máis tarde desta, dependendo da praia en cuestión.

Para o control de asistencia das mariscadoras e mariscadores as vixilancias (e resembras), usamos un programa informático (app Cofradic). As mariscadoras e mariscadores deben mostrar o seu permex (carnet), aos gardapescas da confraría, e estes anotan as asistencias na aplicación a través dun móbil. É importante poder contar cun móbil resistente a auga, dado que moitas veces chove, ou o manipulan coas mans molladas. A confraría logo pode sacar os informes de asistencias e ausencias.

Ademais, cada mariscador/ora deberá levar posto un chaleco e gorra serigrafiado coa palabra “VIXILANCIA”, para disuadir aos posibles furtivos, e/ou diferenciarse entre os usuarios/as das praias.

Materiais empregados:

Cronograma/ Calendario:

2026									2027		
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12
Abril	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marz o
X	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x

Orzamento:

Concepto	Base Iva	Nº unidades	Total	IVA	Total
Gorras de vixilancias	2,89	260	751,4	157,79	909,19
Chalecos vixiancias	3,29	260	855,4	179,63	1.035,03
Gasto informático programa control vixilancias e resembras	705	1	705	148,05	853,05

Observacións:

2.2.2 PARTICIPACION NAS MOSTRAXES E SEGUIMENTO

Mostraxes previstas:

- Ordinarias do plan: mostraxes de outono (outubro-novembro 2026) e mostraxes de primavera 2027 (febreiro e marzo) nos principais bancos de traballo.
- Mostraxes de seguimento de distintos bancos para coñecer seu estado, valorar accións realizadas ou



necesidade delas.

3. Mostraxes de seguimento dos parques de cultivo para valorar supervivencia, crecemento e necesidade de traslados.

Cronograma/ Calendario:

2026									2027			
M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12	
Abri l	Ma i	Xu ñ	Xul	Ag o	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Febr	Marz o	
						X	X			X	X	Ordinarias (primavera - verán)
		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	De seguimento de bancos individuais

